Para disgregar os valores destes dous termos a nivel municipal optouse por aplicar a mesma porcentaxe a "Outras terras" que o da media provincial que si aparece publicada en dito anuario.

A partires da información reflectida nos anuarios de estatística agraria e coas suposicións e salvedades expostas neste capitulo elaboráronse os gráficos do un ao sete.

Para a obtención de datos do sector forestal recorreuse aos mapas do segundo inventario forestal referidos á provincia de Ourense disgregados por municipal que se presentan a escala 1:250.000.

Por último para o estudio das aptitude dos solos analízase a información procedente do estudio "Capacidad productiva de los suelos de Galicia" realizado por Díaz e Gil Sotres en 1984. cun mapa de síntese a escala 1:200.000.

2.3.2. DISTRIBUCIÓN DE TERRAS:

**2.3.2.1. *Principais superficies e cultivos.***

As 3 primeiras gráficas dannos unha primeira idea da distribución das terras e da actividade silvopastoril do municipio de Paderne de Allariz.

Na primeira gráfica podemos observar que a máis grande parte da superficie do municipio dedicase a terreo forestal cun 53.04 %, seguido por prados e pasteiros cun 28.56 % e 11.76 % de superficie dedicada a cultivos, o resto da superficie estaría dedicada ao epígrafe doutras superficies.

CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ
DILIXENCIA.- O presente documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 05-06-08
Paderne, 09-06-08.- O SECRETARIO

GRAFICO 1: DISTRIBUCIÓN DE TERRAS EN PADERNE DE ALLARIZ (Fonte anuario de estatística agraria)




Co fin de contextualizar estes datos compáranse cos referidos á provincia (Gráfico Nº 2). Esta comparación pon de manifesto, que a superficie dedicada a uso forestal é tamén a escala provincial a máis abundante, cun 66.27%, isto é, con 13.23 puntos máis que a dedicada á mesma finalidade no municipio de Paderne de Allariz.

CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ
DILIXENCIA.- O presente documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 05/06-08
Paderne, 09-06-08.- O SECRETARIO

XUNTA DE GALICIA
Aprobado ... nos termos ... de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
de data 15 SET. 2008
O xefe do servizo de ... Urbanística
Pedro Pablo Gómez Rielo

CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ
DILIXENCIA.- O presente documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 05-06-08
Paderne, 09-06-08.- O SECRETARIO

GRAFICO 2: DISTRIBUCIÓN DE TERRAS EN OURENSE (Fonte anuario de estatística agraria)




de data 15 SET. 2008

Esta diferencia, dado que a porcentaxe dedicada ao epígrafe "Outras Superficies", polos motivos xa expostos considérase a mesma, é necesariamente absorbida polas porcentaxes de superficie dedicadas a cultivos ou a prados e pasteiros; pero neste sentido é curioso que esta diferencia non se distribuía de acordo ao patrón provincial, que tende a igualar ambas superficies, senón que no municipio de Paderne esta diferencia porcentual engrosa directamente a superficie dedicada a prados e pasteiros. Incluso a superficie de cultivos que é con relación á provincial inferior en 1.77 puntos tamén se suma á superficie dedicada a prados e pasteiros.

Esto pon de manifesto que o concello de Paderne de Allariz presenta unha notable dedicación, dentro do contexto provincial, as actividades gandeiras, que se analizan polo miúdo no capítulo seguinte.

Na gráfica Nº 3 compárase a superficie agraria útil (SAU) do concello coa provincial. A SAU é un parámetro que se obtén da suma da Superficie Cultivada e a superficie dedicada a Prados e Pasteiros. Si comparamos a evolución da SAU, tanto a escala provincial como municipal, vemos que ó

XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente coas condicións e nos termos establecidos pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
de data 15 SET. 2008
O xefe do servizo de Planificación Urbanística
Pedro Pablo Gómez Rielo



longo da década dos 90 mantívose estable cunha lixeira diminución, aínda que esta evolución temos que tomala con moitas reservas debido á xa citada política da Consellería de "reproducir dun ano a outro os mesmos datos con lixeiras variacións". De feito o valor da SAU mantense, "casualmente", inmutable, tanto a escala municipal como provincial, desde o ano 94 ata o 97. Como consecuencia desto non é posible estudiar a evolución deste parámetro.

**GRAFICO 3: COMPARATIVA DA S.A.U (Fonte anuario de estatística agraria)**




Así e todo destacamos a diferencia que separa a SAU de Paderne de Allariz e a media provincial que é de 13.22 puntos a favor de Paderne. Esta diferencia, como dixemos anteriormente, débese á gran superficie de territorio dedicado a prados e pasteiros en detrimento da superficie cultivada e da actividade forestal.

CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ
DILIXENCIA.- O presente documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 05-06-08
Paderne, 09-06-08.- O SECRETARIO

Si atendemos á evolución dos cultivos (gráfica 4) observamos que a causa da, xa citada, política de repetir os datos desde o 94 estes naturalmente non variaron polo que dificilmente podemos falar de evolución. Non obstante, si é significativa a caída dos cultivos forraxeiros que se produciu ao longo do ano 92 pasando de ocupar o 4.30% do territorio a 0.69 %, esta caída reflíctese, aínda que de forma menos acusada, tamén na media provincial (gráfico 5). A causa desta caída pode estar en axustes internos do propio mercado, pero en todo caso, este parámetro non é relevante ao obxecto deste estudio.

**GRAFICO 4: EVOLUCIÓN DOS PRINCIPAIS CULTIVOS EN PADERNE DE ALLARIZ**
**(Fonte anuario de estatística agraria)**




A comparativa entre os principais cultivos no ámbito municipal e provincial detállase na táboa seguinte (ver tamén as gráficas 6 e 7):

CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ
DILIXENCIA.- O presente documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 05-06-08
Paderne, 09-06-08.- O SECRETARIO

XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente coas condicións e nos termos establecidos pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
15 SET. 2008
O xefe do servizo de Planificación Urbanística
Pedro Paulo Gómez Rielo

GRAFICO 5: EVOLUCIÓN DOS PRINCIPAIS CULTIVOS NA PROVINCIA DE OURENSE
(Fonte anuario de estatística agraria)




## TÁBOA 1: PRINCIPAIS CULTIVOS

| | Paderne de Allariz | Ourense | **Diferencia** |
|---|---|---|---|
| Trigo | 3.81% | 4.83% | **-1.02%** |
| Centeo | 7.33% | 19.34% | **-12.01%** |
| Millo | 30.21% | 16.05% | **14.16%** |
| Pataca | 31.67% | 25.33% | **6.34%** |
| Cultivos forraxeiros, | 4.99% | 16.13% | **-11.14%** |
| Hortalizas | 7.91% | 3.58% | **4.33%** |
| Viñedo | 14.08% | 14.61% | **-0.53%** |
| Froiteiras | 0% | 0.13% | **-0.13%** |

CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ
DILIXENCIA.- O presente documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 05-06-08
Paderne, 09-06-08.- O SECRETARIO

GRAFICO 6: SUPERFICIE DOS PRINCIPAIS CULTIVOS EN PADERNE DE ALLARIZ
(Fonte anuario de estatística agraria)




XUNTA DE GALICIA
Aprobado ... e nos termos ... de Política Territorial, ...
de data 15 SET. 2008
O xefe do servizo de ... Urbanística
Pedro ... Rielo

GRAFICO 7: PRINCIPAIS CULTIVOS PROVINCIA DE OURENSE
(Fonte anuario de estatística agraria)




CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ
DILIXENCIA.- O presente documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 05-06-08
Paderne, 09-06-08.- O SECRETARIO

Destácase que as principais diferencias prodúcense nas superficies dedicadas ao cultivo de centeo e cultivos forraxeiros que en Paderne de Allariz ocupan unha superficie sensiblemente máis pequena que a media da provincia. Polo contrario, as superficies empregadas a cultivo de millo, pataca e outras hortalizas son maiores.

### 2.3.2.2. Superficie forestal

Este apartado está realizado a partires dos datos extraídos do segundo inventario forestal.(2°.I.F) A fonte de datos deste inventario e a metodoloxía empregada son diferentes ás utilizadas no anuario de estatísticas agrarias que servíu de base na elaboración do apartado anterior. Sen embargo, se comparamos a gráfica 8 elaborada a partires dos datos do 2°.I.F. coa gráfica 1 vemos que teñen valores coincidentes xa que os epígrafes "Superficie cultivada", "prados / pasteiros" e outras superficies é equivalente ao "Resto" da gráfica 8 e os seus valores son moi próximos 46.96% e 46.54% respectivamente.

A gráfica 8, por tanto, danos unha nítida visión da superficie forestal do municipio, que está ocupado por un 27.42% de mato e un 26.03% de arborado.

CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ
DILIXENCIA.- O presente documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 05-06-08
Paderne, 09-06-08.- O SECRETARIO

CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ
DILIXENCIA.- O presente documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 05-06-08
Paderne, 09-06-08.- O SECRETARIO

GRAFICO 8: APTITUDE DO SOLO EN PADERNE DE ALLARIZ




XUNTA DE GALICIA
Aprobado provisionalmente coas condicións e nos termos establecidos pola Orde da Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
de data 15 SET. 2008
O xefe do servizo de Planificación Urbanística

Na gráfica 9 podemos observar que a superficie arborada está conformada maiormente por un bosque mixto de coníferas e frondosas que se estende polo 12.55% da superficie municipal seguido por superficies arboradas compostas por "outras especies e mesturas" cun 11.06 %, que o inventario forestal non aclara qué especies o conforman, pero que probablemente sexan masas compostas polo bosque típico da zona, é dicir, cerquiño, carballo, bidueiros, loureiro, pereiras e onde existan cursos de auga, ameneiros, salgueiros, etc. Por último nunha exigua superficie preséntanse as zonas cubertas por carballeira de cerquiño, piñeirais e os bosques mixtos de carballos e castiñeiros.

A distribución no concello das diferentes superficies arboradas preséntanse nos planos nº 1 e nº 2. Neles constátase que as masas arbóreas preséntanse constituíndo pequenos bosquetes distribuídos de forma máis ou menos

dispersa por todo o municipio. O porqué desta distribución trataráse máis adiante.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado ... nos termos
... de Política
de data 15 SET. 2008
O xefe do servizo de ... Urbanística
Pedro ... Rielo

## ESPECIES ARBOREAS DOMINANTES




CONCELLO DE PÁDERNE DE ALLARIZ
DILIXENCIA.- O presente documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 05-06-08
Paderne, 09-06-08.- O SECRETARIO